

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Guión, produción e realización para programas de entretemento				
Materia	Guión, produción e realización para programas de entretemento			
Código	P04G070V01906			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Pérez Feijoo, Paulino Emilio			
Profesorado	Pérez Feijoo, Paulino Emilio			
Correo-e	paulipe@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Guión,producción e realización para programas de entretemento. Abarcará unha visión global da construción dos textos de guións para os diferentes xéneros audiovisuais (Reality,Talk Show, Game, Magazine, Humor) cas áreas de produción e realización atendendo a realidade dos escenarios multiplataforma, e partindo do desenvolvemento e a creación de formatos orixinais, híbridos e adaptados co seus procesos de desenvolvemento naturais de contrución a nivel profesional.			

Competencias	
Código	
B3	Capacidade para aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe
B4	Habilidade para expor os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B6	Coñecementos sobre a evolución histórica da imaxe e da cultura audiovisual, nos seus diferentes formatos
C13	Capacidade para deseñar a posta en escena, iluminación e dirección de actores dunha produción audiovisual.
C21	Capacidade para levar a cabo a gravación, composición, edición e postproducción de produtos audiovisuais.
C23	Capacidade para escribir con fluidez guións para os diferentes formatos audiovisuais
C24	Coñecemento e aplicación das técnicas e procesos de produción e realización audiovisual nos formatos e soportes contemporáneos
D2	Ser capaz de traballar en equipo e de comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.
D3	Ser capaz de asumir riscos expresivos e temáticos, aplicando solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos.
D4	Ser capaz de organizar as tarefas, realizándoas de maneira ordenada e adoptando con lóxica as decisións prioritarias nos diferentes procesos de produción audiovisual.

Resultados de aprendizaxe			
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Identificar e interpretar os conceptos básicos sobre a ética e a deontoloxía profesional e as súas relacións co exercicio da liberdade de expresión e os seus límites			
2. Definir e identificar as técnicas e as tecnoloxías audiovisuais en función das súas capacidades expresivas.	B3 B6	C21 C24	D3
3. Aplicar os diferentes mecanismos e elementos da construción do guión atendendo os diferentes formatos, tecnoloxías e soportes de produción	B6	C23 C24	D3
4. Analizar e valorar o emprego dos diferentes elementos que compoñen a mensaxe audiovisual nun programa de televisión	B3 B6	C23 C24	D2 D3
5. Crear e dirixir a posta en escena de producións de entretemento para TV tendo en conta as tendencias da programación actual.	B3 B6	C13	D2 D4

6. Identificar o público obxectivo, sinalar posibles vías de financiamento e deseñar unha estratexia de comercialización e distribución dunha produción de entretemento para TV	B4 B6	C24	D3

Contidos	
Tema	
1. O entretemento en televisión	1a. Introdución e situación xeral do entretenemento en TV 1b. O mercado televisivo transmedia en España
2. Adquisición e creación de programas de entretemento	2a. Introdución 2b. Formato, xénero e programa 2c .Adquisición de formatos. Adaptación. Compravenda. Opción. Biblia de produción. Asesoría de produción 2d. Desenvolvemento e creación de formatos orixinais. Elementos esenciais. Proceso. Formato escrito.
3. Formatos de xénero	3a. Reality 3b. Talk Show 3c. Game 3d. Magazin 3e. Humor 3f. Construción de guións.
4. Os xéneros televisivos e a escritura televisiva. A relación do guión cos outros departamentos (produción e realización)	4a. Xéneros televisivos na hipertelevisión 4b. O preguión, guión e escaletas dos programas de entretenemento. Equipo de redacción e guionistas 4.c Estructura departamental
5. Sistemas de produción para programas de entretemento	5a. Deseño 5b. Fases 5c. Recusros
6. O entretemento audiovisual no escenario multiplataforma	6a. Grupos e estructuras multiplataforma 6.b Multiplataforma para el mercado de entretenemento 7.c Idiosincrasia dos contidos multiplatafora: tipoloxía, adaptaciós, características, etc
7. Deseño de programas de entretemento: criterios (tipo de canle, horario, periodicidade, tempada, público, contido, xénero, difusión, seccións, espazos publicitarios, sponsor).	7a. Canles de entretenemento 7b. Parrilla para PGM entretenemento 7c. A fragmentación do consumo e audiencias 7d. Estructuras e estratexias de programación según plataforma
8. Guión, produción e realización dun docu-drama (laboratorio práctico)	8.A Práctica 1 - Deseño do Programa. Contidos. Pre-escaleta. - Guión. Orzamento. Organización recursos. - Planificación - Localizacións 8.B Práctica 2 - Produción da escaleta - Gravación en exteriores Seguimento, recursos 8.C Práctica 3 - Gravación en exteriores - Edición - Montaxe 8.D Practica 4 - Edición Montaxe - Postprodución (audio e vídeo) 8.E Práctica 5 - Entrega Master Docu-Drama

9. Guión, produción e ralización dun magazine cultural (laboratorio práctico)	9.A Práctica 6 - Deseño do Programa. Contidos. Pre-escaleta - Guión. Orzamento - Organización de recursos, planificación - Decorados - Ensaios estudio 9.B Práctica 7 - Produción da escaleta - Gravación en exteriores - Reportaxes. Vídeos. Totais - Recursos Continuidade - Publicidade - Ensaios estudio 9.C Práctica 8 e 9 -Edición de Reportaxes e Cortiniñas -Ensaios estudio 9.D Práctica 10 - Ensaios estudio 9.E Práctica 11 - Ensaios estudio - Gravación

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	17	20	37
Saídas de estudo	10	15	25
Traballo tutelado	8	22	30
Lección maxistral	10	15	25
Traballo	0	33	33

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	Se realizan no estudo 1 multicámara, con control de realización, son e iluminación.
Saídas de estudo	Todas aquelas prácticas necesarias cos equipos ENG para a captación de imaxe e son, precisos para a realización dos formatos de vídeo.
Traballo tutelado	Preparacións de escritas de guións, escaletas, pláns de traballo, deseños de produción, etc.
Lección maxistral	Exposición semanal co apoio de PowerPoint do temario teórico da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Prácticas de laboratorio	No sistema de traballo analizarase a progresión do alumno na realización da documentación implicada no proceso de gravación no laboratorio, e a súa actuación no propio laboratorio no momento de gravación das pezas audiovisuais, atendendo á planificación. Valorarase a súa habilidade para enfocar e solucionar imprevistos e problemas técnicos no laboratorio.
Saídas de estudo	Neste caso, analizarase a progresión reflectida no resultado dos contidos e baseada na documentación que planifica as saídas.
Traballo tutelado	Guiarase ó alumnado na elaboración dos traballos en grupo, facendo un seguimento das achegas de documentación e proxectos.
Lección maxistral	Neste caso, salvo necesidade excepcional o seguimento realizarase a través das probas teóricas e os seus resultados
Probas	**Descrición**
Traballo	No sistema de traballo analizarase a progresión do alumno na habilidade de acadar os obxectivos previstos nas planificacións, cos recursos facilitados e as ferramentas desenvolvidas durante o curso. Baseado todo isto, na evolución dos tres proxectos a entregar dende o primeiro ó derradeito, nun ámbito conceptual e práctico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Prácticas de laboratorio	Se realizan no estudo 1 multicámara, con control de realización, son e iluminación.	20	B3	C13 C21 C24	D2 D3 D4
Saídas de estudo	Todas aquelas prácticas necesarias cos equipos ENG para a captación de imaxe e son precisos para a realización dos formatos de video.	20	B3	C21 C24	D2 D3 D4
Traballo tutelado	Preparacións de escritas de guións, escaletas, plans de traballo, deseños de produción, etc.	20	B4 B6	C24	D3
Lección maxistral	Proba teórica e suposto práctico da materia con preguntas tipo test e pregunta corta .	20	B4 B6	C24	D3
Traballo	Gravación de programas e produto resultante	20	B3 B4 B6	C13 C21 C23 C24	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumno/a terá que acadar unha nota numérica mínima de 5 puntos sobre 10 en cada un dos cinco apartados avaliables, é dicir, hai que aprobar todos os apartados da materia.

Para a segunda convocatoria, en xullo, se non se chega a un 5 nalgún dos apartados cualificables na convocatoria anterior, o alumno/a terá que presentarse so cos apartados suspensos.

O alumnado que non supere a materia nas dúas convocatorias do curso académico 2019/2020, terá que presentarse con toda a materia ao ano seguinte.

A non achega dos traballos ou facelo fóra das datas marcadas polo docente, significa a non avaliación do mesmo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Saló, Gloria, **¿Qué es eso del formato?**, Gedisa, 2003

Millerson, Gerald, **Realización y producción en televisión**, IORTV, 2001

Guerrero, Enrique, **El entretenimiento en la televisión española**, Deusto, 2010

Clarke M.J, **Transmedia Televisión**, Bloomsbury, 2013

Bibliografía Complementaria

Barroso García, Jaime, **Realización de los géneros televisivos**, Editorial Síntesis, 2002

Sainz, Miguel, **Manual básico de producción**, IORTV, 1995

Écija Bernal, Hugo e outros, **Como producir, distribuir y financiar una obra audiovisual**, Exportfilm, 2000

Fernández Díez, F. e Martínez Abadía, J., **La dirección de producción para cine y televisión**, Paidós, 1999

Barroso García, Jaime, **Introducción a la realización televisiva**, IORTV, 1988

Martín Proharán, Miguel Ángel, **La Organización de la producción en el cine y la televisión**, FORTA, 1985

Gordillo, Inmaculada, **Manual de narrativa televisiva**, Síntesis, 2009

Vilches L., **Convergencia y Transmedialidad**, Gedisa, 2012

Lamelo Carles, **Televisión social y transmedia**, UOC, 2016

Calogueraea Fernando, **Guía para la producción y distribución de contenidos transmedia**, pontificia universidad Católica de Chile, 2015

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Produción e realización en novos formatos/P04G070V01909

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Guión e deseño multimedia/P04G070V01901

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Guión, produción e realización de programas de ficción/P04G070V01602
Guión, produción e realización para televisión/P04G070V01502

Plan de Continxencias

Descrición

A programación e os contidos da materia son de carácter eminentemente práctico, polo que a súa adaptación para manter a programación presentada resulta complexa.

Docencia mixta.
No caso de que polas circunstancias a docencia teña que ser de carácter mixto, presencial e online, as clases teóricas serán presenciais co número de alumnado que sexa requerido pola organización académica. Os non asistentes seguirán as clases con carácter obrigatorio de xeito telemático a través da Aula Virtual da materia. As prácticas se desenvolverán en Grupos e cada un se dividirá en Equipos pequenos de 3/4 alumnos ca finalidade de poder desenvolver as gravacións dos contidos necesarios. Para ditas prácticas as gravacións se realizarán nos laboratorios da facultade e en exteriores sempre que as circunstancias o permitan.
A avaliación nesta modalidade será a mesma que a establecida na programación da materia.

Docencia online.
No caso de ter que adaptar a programación a un modo totalmente online as clases teóricas serán obrigatorias a través da Aula Virtual. As prácticas serán adaptadas a unha maior preprodución e planificación do seu desenvolvemento e os contidos a gravar serán adaptados ás circunstancias e ao material e equipamento técnico e ao espacio do que dispoña o alumnado.
A avaliación nesta modalidade será adaptada ás posibilidades do alumnado e as circunstacias do momento, repartindo as porcentaxes do seguinte xeito:
Suprímense as prácticas de laboratorio. O traballo tutelado de preprodución e planificación terá un 30% da valoración. A avaliación dos contidos das sesións teóricas mediante exame tipo test ou de preguntas curtas terá unha valoración do 30%. As denominadas saídas de estudo serán ás gravacións de contidos adaptados ás circunstancias do momento cunha valoración do 20%. O traballo final consistente na elaboración dun programa máster adaptado aos contidos das gravacións terá unha valoración dos 20%.